

para a Administración Pública, ou un rexistrador da propiedade ou notario, proposto pola Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado; un catedrático de universidade dalgunha das disciplinas relacionadas no programa de oposicións, proposto polo Consello de Coordinación Universitaria, ou un letrado do Consello de Estado proposto polo secretario xeral do devandito alto órgano consultivo, ou un letrado das Cortes Xerais proposto polo secretario

xeral do Congreso dos Deputados ou do Senado; e dous avogados do Estado propostos polo avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado, dos cales desempeñará as funcións de secretario o que figure na escala do corpo con menor antigüidade.

2. Para actuar validamente o tribunal deberá contar, polo menos, con cinco dos seus membros.

## MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

**15891** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 832/2003, do 27 de xuño, polo que se establece a ordenación xeral e as ensinanzas comúns do bacharelato.* («BOE» 189, do 8-8-2003.)

Advertido erro no Real decreto 832/2003, do 27 de xuño, polo que se establece a ordenación xeral e as ensinanzas comúns do bacharelato, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 10 en lingua galega, do 1 de agosto de 2003, procédese a efectua-la oportuna rectificación:

A seguir do anexo I do Real decreto 832/2003, do 27 de xuño, publicado nas páxinas 1588 a 1649, debe inserirse o anexo II seguinte:

### «ANEXO II

#### Horario escolar correspondente ás ensinanzas comúns para o bacharelato

	Primeiro curso	Horas	Segundo curso	Horas
Materias comúns.	Educación física .....	35		—
	Filosofía .....	70	Historia da filosofía e da ciencia ....	65
		—	Historia de España .....	65
	Lingua castelá e literatura I .....	105	Lingua castelá e literatura II .....	95
	Lingua estranxeira I .....	105	Lingua estranxeira II .....	95
	Sociedade, cultura e relixión .....	70		—
Materias de modalidade.	Tres materias específicas .....	210	Tres materias específicas .....	240
Total.		595		560

De acordo co establecido no artigo 8.2 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, as comunidades autónomas que teñan, xunto coa lingua castelá, outra lingua oficial disporán para a organización das ensinanzas da devandita lingua do 10 por cento do horario escolar total que deriva deste anexo. En todo caso, o horario escolar correspondente ás ensinanzas comúns da lingua castelá e literatura será, como mínimo, de 3 horas semanais para cada curso.»

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**15967** *ORDE PRE/2277/2003, do 4 de agosto, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e ó uso de certas substancias e preparados perigosos. Arsénico e colorante azul.* («BOE» 190, do 9-8-2003.)

O Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, supuxo unha serie de limitacións á comercialización e

ó uso de determinadas substancias e preparados perigosos e foi dictado con base na normativa da Unión Europea que regula esta materia, constituída pola Directiva do Consello 76/769/CEE, do 27 de xullo, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos estados membros que limitan a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos, e as súas posteriores modificacións.

Este real decreto sufriu varias modificacións no seu anexo I, como consecuencia da evolución da normativa comunitaria na materia e da necesidade de incrementalos niveis de protección da saúde e do ambiente.

De acordo cos coñecementos científicos actuais, identificáronse os riscos para a saúde humana derivados do

refugallo de madeira tratada con protectores que conteñan cobre, cromo ou arsénico (CCA) e, en particular, os riscos para a saúde dos nenos derivados de utilizar, nas instalacións dos parques infantís, madeira tratada cos ditos protectores. O arsénico é un produto xenotóxico e un recoñecido axente carcinoxénico e non existe unha dose limiar por debaixo da cal non se produzan efectos carcinoxénicos. Así mesmo, identificáronse riscos para o ambiente acuático. Todo iso conduciu á publicación da Directiva 2003/2/CE, do 6 de xaneiro, que constitúe a revisión das disposicións relativas ó arsénico establecidas na Directiva 89/677/CEE do Consello, pola que se modifica por oitava vez a Directiva 76/769/CEE.

Por outra parte os artigos téxtiles e de coiro que conteñen determinadas tinguiduras azoicas teñen capacidade para liberar determinadas arilaminas, que poden resultar canceríxenas. Co fin de garantir un elevado nivel de protección da saúde humana, prohibiuse o uso de colorantes azoicos perigosos e a comercialización dos artigos tinxidos con eles, mediante a Directiva 2002/61/CE, do 19 de xullo de 2002, pola que se modifica por décimo novena vez a Directiva 76/769/CEE, que limita a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos (colorantes azoicos), que foi transposta ó noso ordenamento xurídico mediante a Orde PRE/730/2003, do 25 de marzo.

Á luz dos novos coñecementos científicos, avaliáronse os riscos para a saúde e o ambiente do colorante azul, advertíndose a necesidade de reduci-lo risco que o dito colorante supón para o ambiente, dado que presenta unha elevada toxicidade para o medio acuático, non se degrada facilmente e chega ó ambiente mediante as augas residuais. Todo iso conduciu á publicación da Directiva 2003/3/CE da Comisión, do 6 de xaneiro, pola que se limita a comercialización e o uso do colorante azul, constituíndo a duodécima adaptación ó progreso técnico da Directiva 76/769/CEE.

Esta orde, que se dicta en uso das facultades atribuídas na disposición derradeira segunda do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, incorpora ó noso

ordenamento xurídico as citadas directivas 2003/2/CE e Directiva 2003/3/CE, do 6 de xaneiro.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo, de Medio Ambiente e de Ciencia e Tecnoloxía, oídos os sectores afectados, dispoño:

*Artigo único. Modificación do anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro.*

Modifícase o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se imponen limitacións á comercialización e ó uso de substancias e preparados perigosos, do seguinte xeito:

1. Substitúense o punto 15 «Compostos de arsénico» e o punto 43 «Colorantes azoicos» e a lista de aminas aromáticas do anexo I do Real decreto 1406/1989, polos que figuran no anexo desta orde.

2. Inclúese no «punto 43» a lista de tinguiduras azoicas.

*Disposición transitoria única. Prazo de aplicación.*

As substancias que figuran nos puntos 15 e 43 do anexo á presente orde poderán seguir comercializándose e utilizándose conforme a normativa actual vixente, ata o 30 de xuño de 2004.

*Disposición derradeira única. Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 4 de agosto de 2003.

RAJOY BREY

Sra. ministra de Sanidade e Consumo, Sra. ministra de Medio Ambiente e Sr. ministro de Ciencia e Tecnoloxía.

## ANEXO

Denominación das substancias, dos grupos de substancias ou de preparados	Limitacións
15. Compostos de arsénico.	<p>1. Non se admitirán como substancias e compoñentes de preparados destinados a seren utilizados:</p> <p>a) Para impedi-las incrustacións de microorganismos, plantas ou animais en: Os cascos dos buques. As gaiolas, flotadores, redes ou calquera outro aparello ou equipo utilizado en piscicultura ou conculicultura. Calquera aparello ou equipo somerxido total ou parcialmente.</p> <p>b) Na protección da madeira. A madeira tratada coas ditas substancias tampouco poderá ser comercializada.</p> <p>c) Non obstante, admitiranse as seguintes excepcións:</p> <p>1.º En relación coas substancias e preparados para protexe-la madeira: unicamente poderán utilizarse nas instalacións industriais que utilicen o baleiro ou a presión para impregna-la madeira, sempre que se trate de solucións de compostos inorgánicos de CCA (cobre-cromo-arsénico) do tipo C. A madeira tratada da forma descrita non poderá ser comercializada antes de que terminase de fixarse o conservante.</p> <p>2.º En relación coa comercialización de madeira que fose tratada con solucións de CCA en instalacións industriais que cumpran as condicións previstas no punto 1.º: admitirase a súa comercialización para usos profesionais ou industriais nos cales a integridade estrutural da madeira sexa imprescindible para a seguridade das persoas ou do gando, sempre que resulte improbable que, durante a vida útil da instalación, alguén entre en contacto coa madeira:</p> <p>Como madeira para estruturas en edificios públicos, construcións agrícolas, edificios de oficinas e instalacións industriais. En pontes e construción de pontes. Como madeira de construción en augas doces e augas salobres (embarcadoiros e pontes). Como muros de protección acústica. Na prevención de aludes. Nas barreiras e valos de protección das estradas. Como postes redondos de madeira de conífera descortizada nas cercas para o gando. En estruturas de retención de terras. Como postes de transmisión de electricidade e telecomunicacións. Como travesas de vías de ferrocarril subterráneo.</p> <p>Sen prexuízo da aplicación das normas sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias e preparados perigosos, a madeira tratada que se comercialice deberá etiquetarse de maneira individual coa mención «Unicamente para usos e instalacións profesionais e industriais. Contén arsénico». Así mesmo, a madeira que se comercialice empacotada deberá leva-la mención: «Utilice guantes ó manipular esta madeira. Utilice unha máscara contra o po e protección ocular ó cortar ou traballar con esta madeira. Os residuos desta madeira deberán ser tratados como residuos perigosos por unha empresa autorizada».</p> <p>3.º A madeira tratada á que se fai referencia nos puntos 1.º e 2.º non poderá utilizarse: En construcións residenciais ou domésticas, con independencia da súa finalidade. Para ningunha aplicación na cal exista un risco de que a pel entre en contacto repetidas veces coa madeira. En augas mariñas. Para usos agrícolas, coa excepción da súa utilización como postes nas cercas para o gando e como madeira para estruturas que sexan conformes co punto 2.º Para ningunha aplicación na cal a madeira tratada poida entrar en contacto con produtos intermedios ou produtos terminados destinados ó consumo humano ou animal.</p> <p>2. Non se admitirá o seu uso como substancias e compoñentes de preparados destinados a seren utilizados no tratamento de auga industrial, con independencia do seu uso.</p>

Denominación das substancias, dos grupos de substancias ou de preparados	Limitacións
43. Colorantes azoicos.	<p>1. As tinguiduras azoicas que, mediante fragmentación reductora dun ou máis grupos azoicos, poden liberar unha ou máis das aminas aromáticas enumeradas na lista de aminas aromáticas que figura a continuación en concentracións detectables, ou sexa, superiores a 30 ppm, nos artigos acabados ou nas partes tinxidas destes, non poderán utilizarse en artigos téxtiles nin en artigos de coiro que poidan entrar en contacto directo e prolongado coa pel humana ou a cavidade bucal, tales como:</p> <p>Pezas de roupa de vestir, roupa de cama, toallas, postizos, perrucas, sombreiros, cueiros e outros artigos sanitarios, sacos de durmir.</p> <p>Calzado, guantes, correas de reloxo, bolsos, moedeiros/billeteiras, maletíns, fundas para cadeiras, moedeiros para levar colgados ó pescozo.</p> <p>Xoguetes de tecido ou de coiro e xoguetes que conteñan accesorios de tecido ou de coiro.</p> <p>Fiados e tecidos destinados a seren usados polo consumidor final.</p> <p>2. Así mesmo, os artigos téxtiles e de coiro a que se refire o punto 1 anterior non poderán ser postos no mercado se non cumpren os requisitos previstos no dito punto.</p> <p>Esta orde non lles será de aplicación ós produtos téxtiles fabricados con fibras recicladas se as aminas son liberadas por residuos procedentes da tinguidura anterior das mesmas fibras e se as aminas enumeradas son liberadas en concentracións inferiores a 70 ppm, ata o 1 de xaneiro de 2005.</p> <p>3. As tinguiduras azoicas incluídas na lista de tinguiduras azoicas que figuran a continuación, non se comercializarán nin utilizarán para tinxir artigos téxtiles e de pel como substancia ou ingrediente de preparados cunha concentración superior ó 0,1% en masa.</p>

	Número CAS	Número de índice	Número CE	Substancia
<i>Lista de aminas aromáticas</i>				
1	92-67-1	612-072-00-6	202-177-1	bifenil-4-ilamina
2	92-87-5	612-042-00-2	202-199-1	4-aminobifenilo
3	95-69-2		202-441-6	xenilamina
4	91-59-8	612-022-00-3	202-080-4	bencidina
5	97-56-3	611-006-00-3	202-591-2	4-cloro-o-toluidina
6		99-55-8	202-765-8	2-naftilamina
7	106-47-8	612-137-00-9	203-401-0	o-aminoazotolueno
8	615-05-4		210-406-1	4-amino-2',3-dimetilazobenceno
9	101-77-9	612-051-00-1	202-974-4	4-o-tolilazo-o-toluidina
10	91-94-1	612-068-00-4	202-109-0	5-nitro-o-toluidina
11	119-90-4	612-036-00-X	204-355-4	4-cloroanilina
12	119-93-7	612-041-00-7	204-358-0	4-metoxi-m-fenilenodiamina
13	838-88-0	612-085-00-7	212-658-8	4,4'-metilendianilina
14	120-71-8		204-419-1	4,4'-diaminodifenilmetano
15	101-14-4	612-078-00-9	202-918-9	3,3'-diclorobencidina
16	101-80-4		202-977-0	3,3'-diclorobifenil-4,4'-ilenodiamina
17	139-65-1		205-370-9	3,3'-dimetoxibencidina
18	95-53-4	612-091-00-X	202-429-0	o-dianisidina
19	95-80-7	612-099-00-3	202-453-1	3,3'-dimetilbencidina
20	137-17-7		205-282-0	4,4'-bi-o-toluidina
21	90-04-0	612-035-00-4	201-963-1	4,4'-metilendi-o-toluidina
22	60-09-3	611-008-00-4	200-453-6	6-metoxi-m-toluidina
23				p-cresidina
24				4,4'-metileno-bis-(2-cloroanilina)
25				2,2'-dicloro-4,4'-metileno-dianilina
26				4,4'-oxidianilina
27				4,4'-tiodianilina
28				o-toluidina
29				2-aminotolueno
30				4-metil-m-fenilenodiamina
31				2,4,5-trimetilanilina
32				o-anisidina
33				2-metoxianilina
34				4-aminoazobenceno

	Número CAS	Número de índice	Número CE	Substancia
<i>Lista de tinguiduras azoicas</i>				
1	Ingrediente 1: N.º CAS: 118685-33-9 $C_{39}H_{23}ClCrN_7O_{12}S_2Na$  Ingrediente 2: $C_{46}H_{30}CrN_{10}O_{20}S_2 \cdot 3Na$	611-070-2	405-665-4	Mestura de: (6-(4-anisidino)-3-sulfonato-2-(3,5-dinitro-2-oxidofenilazo)-1-naftolato)(1-(5-cloro-2-oxidofenilazo)-2-naftolato) cromato (1-) de disodio; bis(6-(4-anisidino)-3-sulfonato-2-(3,5-dinitro-2-oxidofenilazo)-1-naftolato) cromato (1-) de trisodio

## MINISTERIO DE CIENCIA E TECNOLOXÍA

**15969** *REAL DECRETO 1002/2003, do 25 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 601/2002, do 28 de xuño, polo que se regulan as bases e o réxime de funcionamento da liña de apoio á capitalización de empresas de base tecnolóxica e se realiza a convocatoria das axudas a que se refire a dita liña. («BOE» 190, do 9-8-2003.)*

A disposición adicional segunda da Lei 6/2000, do 13 de decembro, pola que se aproban medidas fiscais urxentes de estímulo ó aforro familiar e á pequena e mediana empresa, crea unha liña de apoio á capitalización de empresas de base tecnolóxica a través do apoio a entidades financeiras que teñan como obxecto social a participación temporal no capital de empresas non financeiras. A citada disposición establecía que as entidades financeiras apoiadas deberían estar rexistradas ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores ou supervisadas polo Banco de España.

O punto 1 da dita disposición adicional fixa tamén, no seu parágrafo sexto, que as condicións de contratación e xestión das axudas financeiras se regulen por real decreto, o que se levou a cabo mediante o Real decreto 601/2002, do 28 de xuño, polo que se regulan as bases e o réxime de funcionamento da liña de apoio á capitalización de empresas de base tecnolóxica e se realiza a convocatoria das axudas a que se refire a dita liña. Na tramitación do citado real decreto, a Comisión Europea indicou que era necesario considerar como beneficiarias tódalas entidades financeiras do Espacio Económico Europeo, obviamente non obrigadas a rexistrarse na Comisión Nacional do Mercado de Valores nin a ser supervisadas polo Banco de España.

Así se fixo, polo que os beneficiarios das axudas reguladas no Real decreto 601/2002, son tódalas entidades financeiras do Espacio Económico Europeo, que teñan como obxecto social a participación temporal no capital de empresas non financeiras, cando acheguen capital a empresas de base tecnolóxica. E para respecta-lo indicado na Lei 6/2000, incluíuse a necesidade de que, en caso de que as entidades financeiras fosen españolas, estivesen rexistradas na Comisión Nacional do Mercado de Valores ou supervisadas polo Banco de España.

Esta situación provocou unha discriminación das entidades financeiras españolas fronte ás do resto do Espa-

cio Económico Europeo, xa que ás españolas estábanlles esixindo uns requisitos adicionais (Comisión Nacional do Mercado de Valores ou supervisión do Banco de España) que non teñen por qué satisfacer necesariamente as entidades financeiras que participan temporalmente no capital de empresas de base tecnolóxica e que cumpren o resto de condicións sinaladas no Real decreto 601/2002, do 28 de xuño.

Por iso, para salvar esta situación de discriminación non desexada, a Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, no seu artigo 95 modifica o texto da disposición adicional segunda, de xeito que non resulte obrigatorio estar rexistrado ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores ou supervisado polo Banco de España para acollerse ós beneficios do apoio á capitalización das empresas de base tecnolóxica.

Consecuentemente, para facer operativa a modificación introducida pola citada lei, faise necesario, pola súa vez, modificar no mesmo sentido o referido Real decreto 601/2002, o que se leva a efecto mediante este real decreto.

Finalmente, tendo en conta o incremento orzamentario previsto na Lei 52/2002, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2003, para anticipos reembolsables do Programa de Fomento da Investigación Técnica (PROFIT), incluído no Plan Nacional de I+D+I, e dadas as características deste tipo de investimentos, considerouse conveniente aproveita-la necesaria modificación do referido real decreto para introducir a oportuna ampliación do prazo de presentación de solicitudes, todo iso co fin de dar máis oportunidade ó emprego de fondos destinados a capital investimento.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Ciencia e Tecnoloxía, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de xullo de 2003,

### DISPONGO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 601/2002, do 28 de xuño, polo que se regulan as bases e o réxime de funcionamento da liña de apoio á capitalización de empresas de base tecnolóxica e se realiza a convocatoria das axudas a que se refire a dita liña.*

Un. Modifícase o punto 3 do artigo 2 do Real decreto 601/2002, do 28 de xuño, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. As entidades investidoras españolas que soliciten as axudas previstas neste real decreto